



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA AO PLENO DA CORPORACIÓN

O grupo municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira María García Gómez, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, formula o seguinte **VOTO PARTICULAR AO DITAME DA COMISIÓN DE PORTAVOCES** celebrada con carácter de informativa o día 26 de xaneiro de 2021 relativo ao **Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a ampliación do hospital da Coruña dá a medida da situación actual en María Pita. Os grupos da oposición, que é maioritaria no Pleno, souberon este martes, a través dos medios de comunicación, que ían ser convocados de urxencia pola alcaldesa para debater e votar, nunha sesión extraordinaria, un convenio do que o descoñecían absolutamente todo. Todo agás os antecedentes dunha negociación entre administracións da que transcenderon sonoras discrepancias e acusacións cruzadas nada tranquilizadoras. Lembremos que hai só tres meses o portavoz do goberno municipal alertaba publicamente que o Executivo autonómico pretendía asinar un convenio, e a cita é literal, “que rozaba a ilegalidade”.

Horas despois de ter noticia pola prensa, e sen que mediase explicación ningunha por parte da alcaldesa, recibimos por fin a documentación básica xunto coa convocatoria da comisión de portavoces. Ninguén explicou tampouco por que, por primeira vez, se empregaba esa comisión, e non a de Urbanismo, para ditaminar un asunto destas características. Menos de 12 horas, dende as oito e media da noite do luns até as onde da mañá do martes, para estudar, valorar, contrastar e tomar posición sobre un convenio de enorme transcendencia e impacto para a cidade. Un acordo negociado con total opacidade que vai supor expropiacións, derruba de vivendas hoxe habitadas, mudanzas sensibles na mobilidade e as infraestruturas da contorna do hospital e compromisos para as arcas municipais superiores aos 26 millóns de euros sen ningún informe económico que avale tamaño investimento e nun concello que hoxe, lamentablemente, carece de orzamentos.

Para colmo, o “Informe proposta sobre a aprobación do convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario do Concello de A Coruña”, que é ao cabo o que se ditamina e o que se vota no Pleno, non obrou en poder dos membros da comisión até vinte minutos antes de que aquela se celebrase. Era difícil

imaxinar maior atropelo para a Corporación que o que supuxo a tramitación das ordenanzas fiscais para este ano, pero este episodio supérao. O deterioro da calidade democrática é galopante en María Pita, e este caso reviste unha especial gravidade. Obriga aos grupos municipais a asumir responsabilidades nun contexto de enorme inseguridade xurídica e introduce no proxecto da ampliación do hospital unha mancha que non vai desaparecer.

A situación podía reconducirse antes de chegar ao Pleno. Este grupo municipal propuxo na comisión de portavoces que se adiasa a aprobación do asunto até o pleno ordinario que se celebrará o próximo 4 de febreiro. Unha semana non parece un demora desproporcionada para unhas obras que non comezarán, no mellor dos casos, até 2023. Pero a alcaldesa negouse en redondo. Resulta inexplicable este xeito de proceder nun proxecto tan sensible, do máximo interese público e importantísimo para o futuro da cidade e das próximas xeracións. A opacidade, a urxencia e as numerosas contradicións nas que incorre o goberno municipal son intolerables. Privar do debido debate un proxecto desta magnitude é unha irresponsabilidade. A administración local ten a obriga de informar con transparencia de todos procedementos urbanísticos, con máis razón nun proxecto coma este, no que está involucrada tamén a Xunta de Galicia e no que se espera un esforzo económico tan serio. A pandemia non pode ser, unha vez máis, a coartada do goberno municipal.

É tamén inexplicable que o convenio que pretende aprobar o goberno municipal vulnere sen previo aviso os acordos acadados coas asociacións veciñais da contorna do hospital e coa plataforma de afectados e afectadas pola ampliación. O goberno municipal debería explicar agora por que o martes 19 de xaneiro, tan só seis días antes de darlle luz verde a este convenio marco, o seu concelleiro de Urbanismo facía publicamente a seguinte afirmación: "O plan de María Pita pretende reducir ao máximo o volume das expropiacións, propoñendo un crecemento do hospital cara ao aparcamento". Porque non é o que vai votar o Pleno.

A alternativa consensuada coa veciñanza era a ampliación do hospital cara ao noroeste, en dirección ao Parque de Eirís, na localización do actual aparcadoiro. Pretendía evitarse ou cando menos minimizarse a afección sobre as vivendas. Segundo o anexo 2 do "Estudo previo da mobilidade na contorna do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña", seguindo a dirección de ampliación suroeste, existen 15 vivendas afectadas directamente pola ampliación, outras 5 polos novos accesos e 2 máis pola zona de reserva de ampliación. En total, 23 vivendas serían obxecto de expropiación con esta proposta, que é a que escolle literalmente o convenio marco que agora se presente:

*Os terreos necesarios para o novo hospital situaranse na **zona suroeste** da parcela que actualmente ocupa o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, segundo se identifica no estudo previo da mobilidade na contorna do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.*

Por que o convenio que se somete a debate no Pleno volve apostar pola idea inicial da Xunta, recollida no estudo previo da mobilidade na contorna e, por certo, tamén nos pregos da licitación do proxecto? Por que os veciños e as veciñas afectadas, así como as plataformas que os representan, non foron informados deste novo cambio de criterio por parte da alcaldesa? Por que agora se abandona esta alternativa consensuada cos veciños?

Por todos estes motivos, o Grupo Municipal da Marea Atlántica formula o seguinte

VOTO PARTICULAR

1.- Incluir no convenio un anexo gráfico que recolla a área prioritaria de movemento da edificación seguindo os criterios de localización aos efectos de garantir a menor afectación

expropiatoria de vivendas, tal e como se comprometeu o goberno local coas asociacións vecinais da área.

2.- Adoptar como opción preferente a ampliación do complexo en dirección noroeste cara ao aparcadoiro existente, tal e como se consensuara coa AVV de Eiris e a plataforma de afectados e afectadas.

3.- Incorporar ao convenio o plano dos futuros accesos, segundo a alternativa de ampliación mencionada e o criterio xeral da menor afección ás vivendas.

4.- Garantir no clasulado do convenio a participación do Concello da Coruña no proceso de licitación do expediente en trámite (AB-SER3-21-010), cando menos do seguinte xeito:

- Participación dos servizos técnicos municipais na fase de avaliación das propostas do expediente AB-SER3-21-010.
- Compromiso por parte do goberno local de trasladar o contido dos acordos da comisión de seguimento recollida na cláusula quinta do convenio á comisión de voceiros e voceiras.
- Participación do Concello da Coruña no expediente de xustiprezo.

5.- Modificar a redacción da cláusula cuarta ("A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario"), de xeito que especifique que se fará:

"co límite máximo, por todos os conceptos, de 9 millóns de euros, pagadeiros en dous prazos e anualidades, de igual importe, e a abonar despois da aprobación definitiva das seguintes fases:

- aprobación definitiva proxecto de expropiación
- adxudicación da licitación proxecto construtivo, respectivamente.

O exceso sobre ese límite máximo de 9 millóns de € será abonado pola Consellería de Sanidade/Sergas".

6.- Completar o expediente do convenio marco cun informe económico-financiero de intervención e tesorería, que xustifique a suficiencia de recursos municipais para atender a previsión das obrigas que se asumen para as distintas anualidades.

7.-Dar traslado do presente Convenio e dos seus Anexos ao servizo de contratación do SERGAS aos efectos de inclusión de dita documentación no perfil do contratante do expediente da licitación AB-SER3-21-010, debendo precisarse que o plano de área de movemento da edificación (coa preferencia pola orientación noroeste e a menor afectación expropiatoria de vivendas) deberá ser tida en conta polos licitadores.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2021



María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica